

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2019/18	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	7 de novembro de 2019
Duración	Desde as 20:38 ata as 22:05 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS
Secretario	SANDRA MARIA GARCIA CHENLO

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[REDACTED]	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	SÍ
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
[REDACTED]	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ

Concello da Estrada





	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	M ^a DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ
	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 3 DE OUTUBRO DE 2019

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dado conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 3 de outubro de 2019, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 15 DE OUTUBRO DE 2019

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dado conta do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 15 de outubro de 2019, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Antes de continuar cos asuntos incluídos na orde do día, o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, pide a palabra con gallo de solicitar que o importe a cobrar polos membros do seu grupo en concepto de asistencias a esta sesión sexa ingresado na conta bancaria de “Fila Cero” en apoio á familia Neira de Berres.

O **Sr. Alcalde** di que lle trasladará esa solicitude ao departamento de Intervención.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





Expediente 3448/2019. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL E MEDIO AMBIENTE, EN RELACIÓN Á APROBACIÓN DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DA ESTRADA.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Para explicar o fondo deste asunto intervén o Concelleiro delegado de Rural e Medio Ambiente, **D. Juan M. Constenla Carbón**, quen di que estamos ante unha proposta de aprobación inicial do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello da Estrada, unha medida necesaria para previr os incendios nos nosos montes e manter os predios nas mellores condicións, sobre todo nas franxas ao redor dos núcleos de poboación definidas no documento; aclara tamén que despois de esta aprobación inicial exporase ao público durante o prazo de 20 días aos efectos de alegacións, en caso de non habelas aprobarase definitivamente, posteriormente emitirase un Bando o cal será colocado en todas as parroquias deste concello indicando as franxas afectadas co fin de que os propietarios dos respectivos terreos procedan á súa limpeza e desbroce.

Pide a palabra o voceiro do Grupo Socialista, **D. Luis López Bueno**, lembrado que na Comisión Informativa adoptouse o ditame por vía de urxencia, aínda que considera discutible esa urxencia xa que o informe presentouse asinado neste Concello o 5 de setembro de 2019, polo que dende que se presentou ata o 30 de outubro en que se celebrou a Comisión pasaron 2 meses, sen embargo a explicación dada polo Concelleiro delegado de Rural foi que a demora debeuse ás vacacións do funcionario responsable da redacción dos informes, di que ata aí pódese asumir por ser unha cuestión de organización, pero o triste é que estamos a falar do funcionario do que todo depende, xa que, en sede de cumprimento de prazos, o grupo de goberno ten a fama que ten, xa que doce anos despois temos ese Plan que nos obriga a cumprir unha Lei que entrou en vigor no ano 2007 e, nese sentido, transmite os seus parabéns máis sinceros. Di que é verdade que se falou dun cambio de normativa que obrigou a redactar o informe de novo, sendo a causa de que se tardase 12 anos en someterse a aprobación o Plan, polo que entende que se trata dun asunto de total deixadés por parte do grupo de goberno ao non estar informado de todos os cambios en aras de axilizar os trámites.

Finalmente transmite que o seu grupo votará a favor por ser unha obriga legal a elaboración deste Plan, transmitindo novamente os seus parabéns doce anos despois.

Intervén a voceira do grupo municipal de Móvete, **Dna. Mar Blanco Casais**, manifestando a súa conformidade coa aprobación deste Plan de prevención, sen embargo quere deixar constancia de que este documento limitase a ser un plan de actuación nas parcelas afectadas dos núcleos rurais, pero, ao abeiro do informe emitido pola Consellería, quedaría pendente de ampliarse o planeamento municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, en concreto a todas as construcións, instalacións, vías, etc.

Á vista do anterior, insta a que sexa ampliado e actualizado o Plan en cumprimento ao

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 34L53E7AL92E5YATLRDAFQ87X | Corrección: <http://aeestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 22



establecido no informe da Consellería e na Lei reguladora.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Visto o Convenio de Colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA), en materia de prevención de defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, ao que se adheriu formalmente o Concello de A Estrada no ano 2018.

Visto o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de A Estrada asinado por D. Pablo Arbones Maciñeira (enxeñeiro de montes, colexiado 2171, asinado dixitalmente en data de 02/09/2019) e por Dna. María Carmen Paz López (enxeñeira técnica forestal, colexiada 1265, asinado dixitalmente o 31/08/2019). Plan, remitido a este Concello por SEAGA en data maio de 2019, en aplicación do apuntado Convenio.

Visto que, o devandito Plan debe integrar as actuacións de prevención e defensa contra os incendios forestais do municipio, conforme o previsto na lexislación galega de emerxencias.

Visto que, a súa estrutura debe axustarse ás directrices que estableza a normativa aplicable en materia de emerxencias e, en todo caso, debe incluír a rede das pistas, vías, camiños, estradas e montes de titularidade municipal e a definición das redes de faixas secundarias, así como a análise da propiedade destas redes de faixas.

Visto o preceptivo e vencellante informe sectorial que sobre o significado Plan emitiu, con carácter favorable, a Consellería do Medio Rural (Dirección Xeral de Defensa do Monte - Subdirección Xeral de Prevención) en data 02/09/2019.

Visto o informe municipal emitido polo enxeñeiro técnico agrícola, D. Ramón Brea Villaverde, en data 27/09/2019, igualmente favorable.

Vista a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, particularmente, o seu art. 16 e concordantes.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente, en sesión celebrada o 30/10/2019.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Prestar aprobación inicial ao Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de A Estrada, asinado por D. Pablo Arbones Maciñeira (enxeñeiro de montes, colexiado 2171, asinado dixitalmente en data de 02/09/2019) e por Dna. María Carmen Paz López (enxeñeira técnica forestal, colexiada 1265, asinado dixitalmente o 31/08/2019).

Segundo.- Someter o nomeado Plan así como o expediente administrativo do que trae causa a trámite de información pública durante o prazo de 20 días (para xeral coñecemento e a fin de que calquera persoa física ou xurídica poda presentar alegacións/reclamacións), en virtude de anuncio que se publicará no Diario Oficial de





Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia, sen prexuízo da súa inserción no Taboleiro municipal de editos e anuncios e na páxina web municipal.

Terceiro.- Comunicar este acordo, para coñecemento, eventual pronunciamento e restantes efectos, á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza), á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda) e á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).

Cuarto.- Dar traslado deste acordo á Xunta Local de Seguridade, á AXEGA, ao Posto da Garda Civil de A Estrada, á Xefatura da Policía Local de A Estrada e á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de A Estrada, para coñecemento, eventual pronunciamento e restantes efectos.

Expediente 4776/2019. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EDUCACIÓN EN RELACIÓN Á MOCIÓN CONXUNTA ELABORADA POR TODOS OS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS CON MOTIVO DA PRÓXIMA CELEBRACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Toma a palabra a Concelleira delegada de Benestar Social, **Dna. Amalia Goldar**, quen procede a dar lectura á moción elaborada conxuntamente por todos os grupos políticos con representación municipal, símbolo da unidade institucional neste tipo de temas, a cal se transcribe de seguido:

“Como todos os anos o Concello da Estrada, presenta unha proposta co obxecto de elaborar un manifesto conxunto, para que posteriormente sexa aprobado polo Pleno Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con motivo do Día internacional para a eliminación da violencia contra a muller, o Concello de A Estrada manifesta o seu máis profundo rexeitamento a calquera forma de violencia exercida contra as mulleres.

A violencia contra as mulleres é unha das máis degradantes violacións dos Dereitos Humanos e continúa progresando no ámbito global. Non respecta fronteiras, culturas, niveis económicos. Está presente en épocas de conflito e en tempos de paz, no fogar, no traballo e na rúa. É unha inxustiza manifesta que impide que a sociedade avance no camiño da igualdade e no benestar común que todas e todos queremos en convivencia.

A violencia de xénero non pode considerarse un problema exclusivo da esfera privada das mulleres; todas as Administracións Públicas e a sociedade en xeral, deben participan na erradicación desta lacra social. Xa non é un delito invisible, senón que produce un rexeitamento colectivo e unha evidente alarma social que cada vez máis provoca movementos colectivos de rexeitamento visible, claro exemplo do acontecido o pasado 20 de setembro cando toda a corporación municipal xunto cun nutrido grupo de persoas, sumouse a concentración "Emerxencia feminista" celebrada na Praza do Concello para mostrar unidade en contra da violencia de xénero.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 34L53E7AL92E5YATLRDAFQ57X | Corrección: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 22



Este ano 2019, foi especialmente tráxico para Galicia, xa que 5 mulleres foron asasinadas, 4 en Valga e unha en Vilalba, aínda que dúas das mulleres asasinadas en Valga non se contarán nas estadísticas oficiais de violencia de xénero porque o asasino non era parella nin ex parella delas, neste caso eran a nai e a irmá da vítima. Pero sabemos que a intencionalidade do asasino foi claramente un crime machista.

No resto de España suman un total de 49 mulleres asasinadas polas súas parellas ou ex parellas, e tres menores asasinados polo seu pai, cifras que cada ano incrementan esas máis de 1000 vítimas contabilizadas que se suman ao xa denominado terrorismo de xénero e que non deixa de impresionarnos e estremecernos de terror e indignación.

Como mostra do compromiso político como administración local, este ano 2019 aprobamos o IV Plan de Igualdade e de prevención da violencia de xénero, ao abeiro das actuacións enmarcadas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero posto en marcha o ano pasado en todo o estado. Este Plan implica a todos os departamentos municipais e será publicado na páxina web do Concello e repartido entre toda a corporación e persoal municipal.

O único xeito de facer patente o rexeitamento común a violencia de xénero é fomentar modelos alternativos de convivencia, baseados no respecto e na igualdade. Para isto, este mes de novembro levaremos a cabo o desenvolvemento duns obradoiros sobre prevención da violencia de xénero, facendo especial fincapé na violencia sexual, que se levarán nos catro centros educativos para alumnado da ESO, desde 1º ata 4º.

Por todo o exposto, o pleno da Corporación do Concello de A Estrada, acorda

ACORDOS

Instar a Administración estatal e autonómica a poñer os medios necesarios para o pleno desenvolvemento do Pacto do Estado contra a violencia de xénero, instrumento básico para loitar contra as violencias contra as mulleres.

O Concello de A Estrada comprométese

- 1. Reforzar e poñer en valor as medidas contidas no Pacto de Estado en materia de violencia de xénero no marco das súas competencias, así como o seu seguimento, co obxectivo de combater a violencia contra as mulleres*
- 2. Desenvolver campañas de sensibilización social contra todo tipo de actos que supoñan violencia contra as mulleres coma a violencia, abuso, acosos sexual ou psicolóxico, a prostitución, a trata de seres humanos, delito este último que afecta nun 97% a mulleres e a nenas.*
- 3. Compromiso do Concello de A Estrada a adoptar as medidas dende o seu ámbito competencial para loitar e erradicar a permisividade da publicidade en espazos públicos que supoñan unha vulneración da dignidade da muller ou que supoñan a denigración das mesmas, vixiando e adoptando as medidas necesarias para garantir un trato non discriminatorio da figura das mulleres.”*

Pide a palabra o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López**, manifestado o voto a favor desta moción conxunta, querendo mencionar aquela moción que o seu grupo presentou en relación coa emerxencia feminista e que ven citada na exposición de motivos da moción anteriormente lida, esperando que neste caso non aconteza o mesmo que con aquela moción e que ningún deputado provincial aquí presente votou a favor no Pleno municipal e despois votou en contra no Pleno da Deputación.





A **Sra. Mar Blanco**, voceira do Grupo de Móvete, di que todos coinciden co que supón a lacra machista na nosa sociedade, pero tamén é necesaria a adopción das medidas necesarias para acabar con este problema social, sendo importante o tomar conciencia de que o machismo non está só nos homes que matan, maltratan ou violan ás mulleres, senón que tamén en todas as esferas da nosa sociedade, como exemplo a pobreza e a precariedade da vida das mulleres; polo tanto considera importante identificar aos mal chamados “micro machismos” para borrar cada chanzo que leva á cultura patriarcal, para elo hai que incidir na educación e na sensibilización. Continúa dicindo que é coñecedora que erradicar a violencia machista non é unha tarefa fácil e precisa da implicación de todos, por iso, dende a administración local, débese adoptar un rol activo e facer un máximo esforzo para loitar contra a desigualdade e a prol da equidade.

Intervén a voceira do Grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba**, manifestando a súa conformidade coa moción conxunta, ademais de concordar co dito polos demais voceiros, engadindo que o recollido na moción que se trata nesta sesión sexa levada a cabo en todos os ámbitos da vida, non estando de máis utilizar a lingua inclusiva e que nesta sesión brilla pola súa ausencia, pero dun xeito convencido e non de forma estética, xa que considera que o auto convencemento é fundamental para rematar coa mal chamada “lacra”, porque é unha cuestión social, ética e económica, unha situación moi difícil de resolver, pero para iso estamos a poñer estes pequenos graos de area esperando que haxa un convencemento individual por parte de todos/as neste Pleno de querer rematar con esta situación.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

Vista a moción conxunta elaborada entre os catro grupos políticos municipais, que se transcribe de seguido:

“Como todos os anos o Concello da Estrada, presenta unha proposta co obxecto de elaborar un manifesto conxunto, para que posteriormente sexa aprobado polo Pleno Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con motivo do Día internacional para a eliminación da violencia contra a muller, o Concello de A Estrada manifesta o seu máis profundo rexeitamento a calquera forma de violencia exercida contra as mulleres.

A violencia contra as mulleres é unha das máis degradantes violacións dos Dereitos Humanos e continúa progresando no ámbito global. Non respecta fronteiras, culturas, niveis económicos. Está presente en épocas de conflito e en tempos de paz, no fogar, no traballo e na rúa. É unha inxustiza manifesta que impide que a sociedade avance no camiño da igualdade e no benestar común que todas e todos queremos en convivencia.

A violencia de xénero non pode considerarse un problema exclusivo da esfera privada das mulleres; todas as Administracións Públicas e a sociedade en xeral, deben participan na erradicación desta lacra social. Xa non é un delito invisible, senón que produce un rexeitamento colectivo e unha evidente alarma social que cada vez máis provoca movementos colectivos de rexeitamento visible, claro

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 34L53E7AL92E5YATLRDAFQ87X | Corrección: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 22



exemplo do acontecido o pasado 20 de setembro cando toda a corporación municipal xunto cun nutrido grupo de persoas, sumouse a concentración "Emerxencia feminista" celebrada na Praza do Concello para mostrar unidade en contra da violencia de xénero.

Este ano 2019, foi especialmente tráxico para Galicia, xa que 5 mulleres foron asasinadas, 4 en Valga e unha en Vilalba, aínda que dúas das mulleres asasinadas en Valga non se contarán nas estadísticas oficiais de violencia de xénero porque o asasino non era parella nin ex parella delas, neste caso eran a nai e a irmá da vítima. Pero sabemos que a intencionalidade do asasino foi claramente un crime machista.

No resto de España suman un total de 49 mulleres asasinadas polas súas parellas ou ex parellas, e tres menores asasinados polo seu pai, cifras que cada ano incrementan esas máis de 1000 vítimas contabilizadas que se suman ao xa denominado terrorismo de xénero e que non deixa de impresionarnos e estremecernos de terror e indignación.

Como mostra do compromiso político como administración local, este ano 2019 aprobamos o IV Plan de Igualdade e de prevención da violencia de xénero, ao abeiro das actuacións enmarcadas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero posto en marcha o ano pasado en todo o estado. Este Plan implica a todos os departamentos municipais e será publicado na páxina web do Concello e repartido entre toda a corporación e persoal municipal.

O único xeito de facer patente o rexeitamento común a violencia de xénero é fomentar modelos alternativos de convivencia, baseados no respecto e na igualdade. Para isto, este mes de novembro levaremos a cabo o desenvolvemento duns obradoiros sobre prevención da violencia de xénero, facendo especial fincapé na violencia sexual, que se levarán nos catro centros educativos para alumnado da ESO, desde 1º ata 4º.

Por todo o exposto, o pleno da Corporación do Concello de A Estrada, acorda
ACORDOS

Instar a Administración estatal e autonómica a poñer os medios necesarios para o pleno desenvolvemento do Pacto do Estado contra a violencia de xénero, instrumento básico para loitar contra as violencias contra as mulleres.

O Concello de A Estrada comprométese

- 4. Reforzar e poñer en valor as medidas contidas no Pacto de Estado en materia de violencia de xénero no marco das súas competencias, así como o seu seguimento, co obxectivo de combater a violencia contra as mulleres*
- 5. Desenvolver campañas de sensibilización social contra todo tipo de actos que supoñan violencia contra as mulleres coma a violencia, abuso, acosos sexual ou psicolóxico, a prostitución, a trata de seres humanos, delito este último que afecta nun 97% a mulleres e a nenas.*
- 6. Compromiso do Concello de A Estrada a adoptar as medidas dende o seu ámbito competencial para loitar e erradicar a permisividade da publicidade en espazos públicos que supoñan unha vulneración da dignidade da muller ou que supoñan a denigración das mesmas, vixiando e adoptando as medidas necesarias para garantir un trato non discriminatorio da figura das mulleres."*

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Benestar Social, Igualdade e Educación, en sesión de data 30/10/2019.





ACORDAMOS:

Primeiro.- Instar a Administración estatal e autonómica a poñer os medios necesarios para o pleno desenvolvemento do Pacto do Estado contra a violencia de xénero, instrumento básico para loitar contra as violencias contra as mulleres.

Segundo.- Adquirir por parte deste Concello os seguintes compromisos:

- Reforzar e poñer en valor as medidas contidas no Pacto de Estado en materia de violencia de xénero no marco das súas competencias, así como o seu seguimento, co obxectivo de combater a violencia contra as mulleres.
- Desenvolver campañas de sensibilización social contra todo tipo de actos que supoñan violencia contra as mulleres coma a violencia, abuso, acosos sexual ou psicolóxico, a prostitución, a trata de seres humanos, delito este último que afecta nun 97% a mulleres e a nenos.
- Adoptar as medidas dende o ámbito municipal para loitar e erradicar a permisividade da publicidade en espazos públicos que supoñan unha vulneración da dignidade da muller ou que supoñan a denigración das mesmas, vixiando e adoptando as medidas necesarias para garantir un trato non discriminatorio da figura das mulleres.

Expediente 4595/2019. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS POLO QUE SE PROPÓN INSTAR AO MINISTERIO DE FOMENTO Á CONSTRUCCIÓN DA VARIANTE DA ESTRADA, ASÍ COMO INCREMENTAR A SEGURIDADE NA AVDA BENITO VIGO E NOS PASOS DE PEÓNS DO CASCO URBANO.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Sr. **Alcalde**, á vista de que este asunto ten como orixe unha moción presentada polo Grupo municipal de Móvete, concédelle a palabra á súa voceira, **Dna. Mar Blanco**, quen proceda a expoñer dita moción, a cal se transcribe de seguido:

“A Variante da Estrada é unha infraestrutura viaria importante que é obxecto de reivindicacións desde hai máis de vinte anos pero que inexplicabelmente permanece nun caixón. É unha estrada fundamental para liberar A Estrada do intenso tráfico que pasa pola N-640 polo seu casco urbano.

Segundo os Orzamentos Xerais do Estado do ano 2016 figuraba unha partida de 4,3 millóns, con previsión de investimento de 15,3 millóns para o 2017 e 26,4 millóns para o 2018. Un prazo que indicaba que debería estar rematada no 2018. Mais, unha cousa é o que soporta o papel e outra moi distinta a realidade e xa van moitos anos.

A Variante non supón unha grande construción viaria. Trátase dun treito de 8,7 quilómetros de lonxitude, e será unha estrada convencional de dous carrís. Como vemos, non é unha grande obra, pero sen embargo é unha infraestrutura vital para mellorar o acceso ao municipio, elaborar un Plan de Mobilidade e dotar dunha maior seguridade viaria ao caso urbano.

Tras reiterados anuncios que nunca se cumpren, especialmente en período pre electoral, que é cando a Variante renace para logo pasar ao esquecemento, o Concello da Estrada ten como unha das súas prioridades buscar a implicación das outras administracións para mellorar as comunicacións que dan

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 34L59E7AL92E5YATLRDAFQ57X | Corrección: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 22



acceso á vila e contribuír a reverter a tendencia de perda de poboación. Así mesmo, o feito de que unha estrada nacional atravesase todo o casco urbano fai que sexa preciso reforzar a seguridade para evitar accidentes que nalgúns casos son moi graves.

Por todo isto, o Grupo Municipal de Móvete do Concello da Estrada, presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal o seguinte ACORDO:

- *Instar ao Ministerio de Fomento a fixar nos Orzamentos Xerais do Estado do 2020 as partidas suficientes para levar a cabo a Variante á N-640 ao seu paso polo casco urbano da Estrada e garantir investir o proxectado nos próximos 4 anos.*
- *Establecer medidas que contribúan a reforzar a seguridade na Av. Benito Vigo.”*

Toma a palabra o voceiro do Grupo Socialista, **D. Luis López**, para manifestar o seu apoio á anterior moción por ser unha maneira máis de acelerar a execución da variante xa prevista polo Ministerio, sen embargo hai que lembrar que este proxecto xa está en marcha gracias ao goberno socialista e ademais existe o compromiso da Subdelegación do Goberno de que se trata dunha obra con prioridade para o Estado. Continúa aclarando que o seu grupo político é único que está a traballar para axilizar a variante noutras instancias, por exemplo na Subdelegación do Goberno, aínda que o grupo do Partido Popular acadou unha declaración da Ministra de Fomento por entón e que lle serviu de “pagafantas” e, de feito, os informes caducaron antes de que a obra se executase.

En relación coas melloras de seguridade na Avda. Benito Vigo, coincide con esta petición debéndose tamén instar ao Estado para que tomes determinadas medidas de sinalización, tales como de redución de velocidade, iluminación dos pasos de peóns, colocación de bandas redutoras, etc. Tamén pide que o goberno municipal adopte as nomeadas medidas de seguridade noutras rúas do casco urbano, tanto nos pasos de peóns como no que respecta á visibilidade da sinalización vertical.

Intervén a voceira do Grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba**, trasladando o seu voto a favor deste asunto, considerando que a seguridade na Avda Benito Vigo é unha prioridade a cal vai vinculada á variante, sendo a execución deste proxecto o máis importante para o noso concello, necesitándose instar ao Ministerio de Fomento para que axilice a súa construción, xa que durante máis de vinte ou trinta anos non fixeron nada para facela, sendo o BNG o único grupo que presentou emendas aos Presupostos do Estado.

No que se refire á seguridade viaria, di que esta vai da man da construción da variante, xa que unha vez esta estea feita reducirase substancialmente a circulación por esta avenida, poñendo como exemplo ao concello de Pontevedra no que hai cero atropelos e un plan de mobilidade envexable.

Intervén o Concelleiro delegado de Organización, **D. Alberto Blanco Carracedo**, para dicir, entre outras, que é interesante instar ao Ministerio de Fomento para que execute unha obra que non só é un desexo senón tamén unha necesidade e que suporá unha mellora substancial na seguridade nesta estrada; di que tamén é certo que o proxecto está en tramitación e o grupo de goberno celebrará a súa execución sexa que sexa estea no goberno central e, polo tanto, o seu grupo votará a favor desta moción.





Pide a palabra a **Sra. Mar Blanco**, para dicirlle á voceira do grupo Mixto que a deputada de Mareas na lexislatura pasada tamén presentou en varias ocasións emendas aos Orzamentos do Estado en relación ao tema da variante.

O **Sr. Alcalde** manifesta que todos están de acordo en que a construción da variante é un tema fundamental para o noso concello e para a súa organización urbanística, xa que o contar coa N-640 atravesando o caso urbano supón perigo para a seguridade e un problema para o noso desenvolvemento urbanístico. Di que é coñecedor que o grupo socialista tivo contactos coa Subdelegación do Goberno, de feito el estivo reunido o pasado 19 de xullo coa Subdelegada e co Xefe de Infraestruturas en Galicia, onde se falou da complexidade deste proxecto, dos informes que se redactaron nun principio e que hai que repetilos e do informe desgraciado de Patrimonio e que condicionou moito a execución deste proxecto, pero espera que pronto se execute para o ben da Estrada, non debendo escatimar esforzos en reclamar ás administracións responsables a realización desta infraestrutura, sobre todo tendo en conta que non hai moitos cascos urbanos que teñan nove mil habitantes e que, a día de hoxe, estea atravesado por unha estrada nacional e, polo dito, é necesaria esta obra para o desenvolvemento do noso municipio, pensamento e desexo en que estamos todos de acordo e unidos para acadar este fin.

Polo dito, finaliza agradecendo a implicación de todos os grupos políticos, sendo importante achegar este acordo unánime ao Ministerio.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

Visto o Ditame acadado na Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, en sesión celebrada o 30/10/2019.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Instar ao Ministerio de Fomento a fixar nos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2020 as partidas suficientes para levar a cabo a Variante á N-640 ao seu paso polo casco urbano da Estrada, garantindo o investimento do proxectado nos vindeiros 4 anos.

Segundo.- Establecer medidas que contribúan a reforzar a seguridade na Avenida Benito Vigo e, con prioridade, en todos os pasos de peóns do casco urbano.

Expediente 3345/2017. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS POLO QUE SE PROPÓN O LEVANTAMENTO DE REPARO SUSPENSIVO E PAGAMENTO DE INCREMENTOS DO XUSTIPREZO DE BENS E TERREOS EXPROPIADOS PARA A ZONA VERDE DE SISTEMA XERAL SX-ZV-P15, EN CUMPRIMENTO DE SENTENZAS DITADAS POLA SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 34L53E7AL92E5YATLRDAFQ87X | Corrección: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 22

**Favorable****Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 19

En contra: 0

Abstencións: 2

Para explicar este asunto, toma a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto Blanco Carracedo**, quen comeza dicindo que tralo proceso expropiatorio para a realización da ampliación da zona verde P15 e trala ratificación do prezo fixado para dita expropiación polo Xurado de Expropiación de Galicia, catro propietarios afectados presentaron recurso ante o Tribunal Superior de Xustiza, o cal ditou dúas sentenzas cunha estimación parcial e unha terceira sentenza cunha estimación íntegra da demanda presentada (a cal pedía un incremento de catro millóns e medio de euros sobre o valor fixado por este Concello). Continúa informando que as dúas primeiras sentenzas establece un incremento sobre o prezo inicialmente aboado de 244.446,01 € e que este Concello ten a obrigar de pagar, existindo crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, sen embargo, por ser un pagamento extraorxamentario e non estar contemplada a partida no Orzamento en vigor, está sometido a un reparo suspensivo emitido pola Intervención municipal. Polo tanto e tal como establece o procedemento, estas discrepancias deberán ser resoltas polo Pleno aos efectos de continuar coa súa tramitación, tralo Ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, procedendo á aprobación dos gastos e pagamento en execución das nomeadas sentenzas si así o considera esta corporación.

Pide a palabra o voceiro do grupo Socialista, **D. Luis López**, sinalando a lixeireza coa que o Sr. Concelleiro falta dos 244.446,01 € que temos que pagar, tendo en conta que se trata dun diñeiro que pertence a todos os veciños e veciñas deste concello; ademais, para confirmar esta teoría, que son douscentos corenta mil euros e pico de tantos outros que podían ser, polo que quere lembrar que se está a celebrar algo que podería haber sido unha catástrofe, así que, dende ese punto de vista, tamén poderíamos falar das teorías inglesas sobre a responsabilidade patrimonial da administración e dos cargos públicos. Ante o anterior, considera que presumir dunha sentenza como está a facer o grupo de goberno non o ve ético; en segundo lugar, non cre motivo de fachenda que o que podía ser unha catástrofe só foi un desastre; e, en terceiro lugar, o capricho da Alameda custoulles, só en expropiacións, cen euros a cada estradense censado e, coa reforma enriba, son douscentos cincuenta euros por cada estradense, diñeiro que decidiu saquearlles o goberno para converter a Alameda en cemento branco.

Continúa dicindo que outra negligencia foi que non se fixera unha previsión orxamentaria prevendo que isto puidera acontecer en aras de non encarecer máis o capricho da Alameda coa sentenzas ditadas.

Polo anterior, traslada o voto a favor desta proposta, pero non por estar de acordo, senón en aras de evitar un mal superior ao que xa está feito.

Intervén a voceira do Grupo de Móvete, **Dna. Mar Blanco**, trasladando a abstención do seu grupo na votación para non prexudicar os intereses da Estrada ao tratarse dunha sentenza coa obriga do seu cumprimento, pero tampouco van a respaldar ao goberno despois de haber feito as cousas incorrectamente, coincidindo co recollido no informe da Intervención no senso de que se

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

Cod. Validación: 34L53E7AL92E5YATLRDAFQ87X | Corrección: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 22

tiña que haber previsto nos Orzamentos unha contía para facer fronte a este posible incremento, xa que aínda que non se sabía cal ía a ser o importe, si era coñecedor da interposición dos reclamacións.

Continúa dicindo que en toda a xestión da ampliación da Alameda o grupo de goberno non contou cos grupos da oposición, polo que non entende que agora teñan que apoiar algo que contradí o informe do órgano interventor. Polo tanto, en aras dos intereses da Estrada, reitera a abstención do seu grupo.

Dna. Susana Camba, voceira do Grupo Mixto (BNG), toma a palabra para trasladar o seu reparo nesta cuestión. En primeiro lugar, di que o proxecto da Alameda foi un despropósito, xa que investir tantos cartos nesta obra cando hai tantas persoas no noso concello que viven no umbral da pobreza, lembrando cando o Alcalde dixo no seu día que a ampliación da Alameda era primordial porque consideraba que era a mellor herdanza que se podía deixar, cando ela considera que a mellor herdanza é un Concello saneado en todos os aspectos. En segundo lugar, agora o grupo de goberno fala con lixeireza da obriga de pagar outros douscentos corenta e catro mil euros, cantidade que corresponde cun soldo dun mileurista durante doce anos e iso é o que o grupo de goberno está a tratar con tanta despreocupación e parece que case temos que aplaudir; é consciente que dita cantidade hai que pagala en cumprimento dunha sentenza, pero quere que reflexionen, porque non están a xestionar os seus cartos senón que están a xestionar os cartos de todos/as os/as estradenses, ao que hai que engadir que, por enriba, prevén mal, xa que podían ter previsto esta situación antes da aprobación do Orzamento, porque agora atopámonos ante un problema que hai que solucionar con urxencia en este Pleno, o que considera algo inmoral. Polo manifestado o seu grupo votará a favor, pero con moitísimos reparos.

Volve a intervir o **Sr. Blanco Carracedo** para aclarar que o seu grupo de goberno sabe de xestión e non falan con lixeireza desta cantidade imposta por sentenza, pero observa que as voceiras dos Grupos de Móvete e Mixto falan con moita lixeireza, xa que estamos a tratar do cumprimento dunha sentenza, feita en base ao desenrolo dun espazo público que ten un fin social e que, si por los grupos da oposición fóra, estes xardíns non se farían realidade, e estamos a falar dun espazo lúdico para os nosos rapaces e rapazas e tamén para os nosos maiores.

No que se refire á abstención no voto do grupo de Móvete, considera que é moi fácil absterse en unha obriga legal, xa que o que estamos a tratar é o cumprimento dun criterio que establece o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia contra unha resolución do Xurado de Expropiación.

Por outra banda aclara que o grupo de goberno non fala con lixeireza desa cantidade a pagar, de feito o tiña moi medido, por iso quere lembrar que o PXOM contemplaba un valor de expropiación superior aos dous millóns de euros e, aproveitando a baixa no mercado inmobiliario, este Concello pagou un millón oitocentos mil euros por eses terreos expropiados, supoñendo o aforro deses cartos e que agora, por desgracia, hai que pagalos, pero aclara que se están dentro das cifras previstas; pero o asunto é que hai que ser unha previsión nos Orzamentos municipais mediante o establecemento dunha partida orzamentaria, a cal non hai, sendo ese o motivo do reparo suspensivo da Intervención; e ¿por que non se contemplou dita partida?, pois que non se sabía cal ía a ser a cantidade fixada por sentenza nin cando se ía a ditar a mesma. Continúa dicindo que o único que está claro é que os únicos que tiveron valor para acometer a





iniciativa de ampliar a Alameda foi este grupo de goberno, ampliación que viña sendo demandada polo concello da Estrada durante varias xeracións, ampliación que se fixo previos os informes técnicos e coa preocupación de ir aforrando os cartos necesarios para acometer ese proxecto.

Polo anterior, di que se pode discutir o modelo arquitectónico da actual Alameda, pero non o uso funcional e social que supón na actualidade, porque considera que non hai dúbida ningunha sobre elo nin sobre o seu custo económico, xa que está feito en base á normativa vixente e no momento oportuno.

No que respecta ao tema das responsabilidades, di que se está a facer unha previsión moi ben calculada, de feito nunha houbo un grupo de goberno que fixera uns números tan acertados e que se cubriran unhas necesidades coas capacidades que o grupo de goberno foi tendo pola súa boa xestión.

Intervén novamente o **Sr. Luis López** para preguntar que se tanto presumen de boa xestión e, remitíndose aos programas electorais do Partido Popular, onde está o aparcamento soterrado que prometeron no ano 2011 e aquela reforma da área deportiva con spa.

A **Sra. Susana Camba** puntualiza que xa había unha Alameda.

D. Alberto Blanco Carracedo resposta, con respecto ao aparcamento soterrado, que foi un tema tratado no seu día, sendo obxecto dun estudo económico que deixou clara a súa inviabilidade. Finalmente traslada a súa gratitude aos grupos da oposición.

Volve a pedir a palabra o **Sr. Luis López** dicindo que lle parece increíble que o Concelleiro de Facenda lle pregunte canto ten que ser unha dotación orzamentaria en provisión de que poida vir unha sentenza desfavorable, cando é responsabilidade súa, xa que tomou a decisión de previr cero euros e por iso estamos hoxe aquí levantando un reparo suspensivo; polo tanto lle pide que recoñeza o erro.

Intervén o **Sr. Alcalde** para manifestar que se está a entrar en un debate que non ten máis recorrido, ademais as evidencias están aí, que houbo despois do remate da obra da Alameda unhas eleccións municipais onde a xente opinou das propostas do PP, das obras realizadas na anterior lexislatura, da xestión, etc., é o resultado é que volven a estar gobernando neste Concello. Simplemente quere agradecer o apoio da oposición cando se necesitou fondos para facer esa infraestrutura, xa que votaron en contra da EDUSI, por exemplo, ferramenta para acometer a dita obra sen supoñer ningún estrés financeiro para o Concello e, ademais, non se deixou de facer ningunha inversión por culpa da Alameda, produto da boa xestión financeira para facer fronte ao custo das expropiacións. Polo que non entende o argumento que a oposición di.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose, polos votos a favor dos grupos do PP, Partido Socialista e Mixto (BNG), e a abstención de MOVETE, o seguinte **ACORDO:**





Vista a proposta da Alcaldía de data 28/10/2019 para realizar os pagamentos derivados das dúas sentenzas ditadas o 22 de maio último pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a favor de dona María del Carmen Pazos González e de DOSEMAS, S.L., aos que se lles incrementou, nas contías de 123.657,37 euros e 120.788,64 euros, respectivamente, o xustiprezo dos bens e terreos expropiados para a zoa verde de sistema xeral SX-ZV-P15,

Visto o informe de Intervención de data 04/10/2019 ao respecto do procedemento de gasto para a execución das ditas sentenzas, onde se formula reparo suspensivo por falta de crédito adecuado e suficiente, discrepancia cuxa resolución é competencia do Pleno, consonte ao disposto nos artigos 216.2 a) e 217.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 15 do R. Decreto 424/2017, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades o Sector Público Local,

Tendo en conta a posibilidade, sinalada no mesmo informe, de proceder, tralo levantamento do reparo, á imputación a unha conta non orzamentaria dos pagamentos de mención, e posterior aplicación ao orzamento unha vez aprobado o preceptivo expediente de crédito extraordinario,

Vista a normativa aplicable en vigor,

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o 30/10/2019.

ACORDAMOS:

Primeiro.- A resolución das discrepancias formuladas pola Intervención municipal, levantando o reparo suspensivo formulado, en canto á inexistencia de crédito, para efectos de proceder, mediante pagamentos non orzamentarios, á execución das Sentenzas firmes ditadas o 22/05/2019 pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nos procedementos números 0007200/2018 e 0007198/2018, aprobatorias do incremento dos xurispresos da expropiación para a zoa verde de sistema xeral SX-ZV-P15, declarando os dereitos de dona [REDACTED] a percibir 123.657,37 euros, e de [REDACTED] a percibir 120.788,64 euros.

Deste levantamento de reparo darase conta a Intervención, que proseguirá o expediente.

Segundo.- A aplicación orzamentaria dos pagamentos pendentes de aplicación unha vez firme a aprobación do expediente de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais, logo de ver que o pagamento non orzamentario constitúe débeda do Concello e ten carácter preferente para o destino do superávit orzamentario correspondente á liquidación do exercicio 2018.

Expediente 4800/2019. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, RELATIVO Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1-R-2019 (MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 57/2019)

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 34L53E7AL92E5YATLRDAFQ87X | Corrección: http://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 22



Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Para explicar este asunto toma a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto Blanco**, quen comeza dicindo que, de acordo a proxectos sustentables para dar servizos ao rural, o que se pretende con esta proposta é aplicar unhas reservar orzamentarias para dotar de crédito á aportación municipal con destino á execución do proxecto “Renovación parcial do alumado público exterior no Concello da Estrada” e que importa a cantidade de 1.461.216,87 € (20% do custo total do proxecto, o importe restante provén dunha subvención IDAE). Por outra banda, a reserva de 75.000,00 € para investimentos en infraestruturas e xestión de patrimonio, en concreto preténdese a adquisición da parcela, con referencia catastral 1964018NH4227S0000UM, anexa ao Teatro Principal, deste xeito procederíase á ampliación da superficie do aparcadoiro. Por último aclara que estas reservas proveñen do remanente do exercicio 2018.

Pide a palabra o voceiro do Grupo Socialista, **D. Luis López Bueno**, manifestando que prevía a adquisición dos terreos para a ampliación do aparcadoiro, sobre todo coa presentación do Plan de Mobilidade e das actuacións que neste se prevén, estando de acordo con esta adquisición, ademais a situación de ruína da edificación sita nesta parcela facilita o poder negociador do Concello á hora de fixar un prezo moi vantaxoso. Con respecto ao proxecto que se anunciou na prensa, o Concelleiro D. Alberto Blanco dixo na previa Comisión Informativa que a idea do anexo ao Teatro como local cultural non era máis que unha mera idea, polo que pregunta o por que se anuncian na prensa ideas ou cousas que non existen e sen ningún papel que as soporte. Continuando sobre o nomeado proxecto, se se chega a executar, aconsella ao grupo de goberno que se preocupen de dotar á parcela dun firme que resista as inclemencias do tempo e a carga e a circulación de vehículos, para que non pase o que está a acontecer noutros aparcamentos municipais.

Intervén a voceira do Grupo de Móvete, **Dna. Mar Blanco**, trasladando estar de acordo co manifestado polo voceiro do Grupo Socialista, recalando á súa vez a importancia de destinar a nomeada parcela a aparcadoiro, manténdose en boas condicións, non estando de máis que sexa reparado o firme dos demais aparcadoiros do casco urbano e, aínda que os propietarios dos terreos afectados non o permitan, si debería de mantelos en boas condicións con regularidade.

A **Sra. Susana Camba**, voceira do Grupo Míxto (BNG), tamén traslada a súa conformidade con esta proposta así como co manifestado polos anteriores voceiros, por considerar que todo aquilo que supoña adquirir terreos para dotalos de servizos públicos é beneficioso para o noso concello. Ao igual que nas anteriores intervencións, di que é necesario que exista a preocupación de manter en boas condicións este novo aparcadoiro.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

Visto o expediente de crédito extraordinario número 1-R-2019 financiado con remanente líquido de tesourería, en aplicación do superávit resultante da liquidación

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 34L53E7AL92E5YATLRDAFQ87X | Corrección: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 22



do orzamento de 2018, ao abeiro do disposto na L.O. 9/2013, de Control da débeda comercial no sector público, que modifica a L.O. 2/2012, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira,

Sendo urxente e inaprazable -segundo se xustifica na memoria- a necesidade de facer fronte aos seguintes investimentos, cuxa execución, por un total de 1.780.662,88 euros, non pode demorarse ata o próximo exercicio:

a) Aplicación ao orzamento dos pagamentos das sentenzas recaídas no procedemento de EXPROPIACIÓN DE TERREOS E BENS PARA A ZONA VERDE DE SISTEMA XERAL SX-ZV-P15.

b) Achega municipal para o proxecto de RENOVACIÓN PARCIAL DO ALUMADO PÚBLICO EXTERIOR NO CONCELLO DA ESTRADA.

c) Adquisición da parcela con referencia catastral 1964018NH4227S0000UM, de especial interese para este Concello ao permitir ampliar a superficie do aparcadoiro municipal existente e mellorar o seu acceso, que pasaría a ter dobre sentido, a máis de posibilitar a futura ampliación do edificio do Teatro.

Unha vez verificado o cumprimento dos requisitos aos que a disposición adicional 16ª do Texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (introducida polo R. Decreto-Lei 2/2014, do 21 de febreiro) condiciona a posibilidade de destinar o superávit a investimentos financeiramente sustentables,

Emitido informe de Intervención con data do 28 de outubro de 2019

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o 30/10/2019.

E, de conformidade co establecido nos artigos 177 e seguintes do Texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado polo R.D.L. 2/2004, do 5 de marzo; no artigo 35 do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril, e demais normativa aplicable,

ACORDAMOS:

Primeiro.- A aprobación do expediente de crédito extraordinario número 1-R-2019 -modificación orzamentaria número 57/2019- con cargo a Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais, de acordo co seguinte detalle:

Orzamento de gastos:

- Aplicación do orzamento de gastos que se dota de crédito extraordinario: 151.600.00
- Descrición do crédito extraordinario: “Expropiación de terreos en bens para zona verde SX-QV-P15.”
- Importe: 244.446,01 €

- Aplicación do orzamento de gastos que se dota de crédito extraordinario: 165.637.00
- Descrición do crédito extraordinario: “Renovación Parcial do Alumado Público Exterior no Concello da Estrada”
- Importe: 1.461.216,87 €

- Aplicación do orzamento de gastos que se dota de crédito extraordinario: 933.637.00

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 34L53E7AL92E5YATLRDAFQ57X | Corrección: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 22



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

- Descrición do crédito extraordinario: “Investimento en infraestruturas. Xestión do patrimonio”
- Importe: 75.000,00 €

Orzamento de ingresos:

- Concepto de ingresos: 870.00
- Recurso financeiro: Remanente de Tesourería para gastos xerais.
- Importe: 1.780.662,88 €

Segundo.- Que este expediente de modificación de crédito, inicialmente aprobado, se expoña ao público por espazo de quince días hábiles no departamento de Intervención, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, prazo no que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 do Texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado polo R.D.L. 2/2004, do 5 de marzo, e 38.2 en relación co artigo 20.1 do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 16 E O 30 DE SETEMBRO DE 2019

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 16 ao 30 de setembro de 2019 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2019-1083 ao número 2019-1174 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 31 DE OUTUBRO DE 2019

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e o 31 de outubro de 2019 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2019-1175 ao número 2019-1338 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 34L59E7AL92E5YATLRDAFQ87X | Corrección: <http://aeestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 22

Inicia a quenda de Rogos e Preguntas o voceiro do Grupo Socialista, **D. Luis López Bueno**, pedíndolle ao grupo de goberno que aproveite o exercicio 2020 para incluír no Orzamento promesas incumpridas, a este respecto manifesta o seguinte:

- Engadir unha partida para o arranxo dunha pista na parroquia de Riobó e que leva á papeleira, xa que alí atópase un desaugue que cae por un barranco doutro lado da estrada provincial e que desemboca na nomeada pista co seu conseguinte deterioro. Así mesmo solicita que sexan reparadas as fontes que hai nas curvas de Riobó, as cales o grupo de goberno quedou de reparalas, pero aínda non se fixo actuación ningunha.
- Contemplar no Orzamento 2020 unha partida para o arranxo da Escola de Matalobos, onde actualmente é utilizada para a realización de actividades pola Asociación de Veciños e pola Asociación de Mulleres.
- Reparar o vial que vai de Santo André a Requián no senso de que as ramas das árbores existentes no seu trazado caen sobre este camiño co conseguinte perigo para a circulación.
- Na PO-214, A Estrada - Pontecesures, tamén é necesario podas ás árbores existentes ao seu carón, que provocan caída de ramas e levantamento do firme por culpa das súas raíces, polo que deberíase requirir ao órgano competente para a execución desta actuación.
- Pide que o grupo de goberno axilice os trámites na elaboración do proxecto do Orzamento municipal para o 2020 e así os grupos da oposición poidan estudalo con tempo e propoñer as emendas que considere necesarias.
- En relación ao precario estado no que se atopa o comercio local (segundo o artigo publicado anteriormente na prensa), provocado en parte polo encarecido prezo do aluguer dos baixos, o seu grupo propuxo no seu día a creación dunha bolsa de baixos comerciais a cal foi rexeitada polo Sr. Alcalde, sen embargo considera que é a única proposta que intenta atacar este problema. Polo dito o seu grupo ofrécese a debater este tema para buscar a solución máis idónea a esta problemática.

Toma a palabra a voceira do Grupo de Móvete, **Dna. Mar Blanco**, trasladando os/as seguintes rogos e preguntas:

- Pide que sexa mellorada a accesibilidade das persoas con mobilidade reducida aos colexios electorais, concretamente na escola de Ribeira, sendo urxente esta actuación ante as vindeiras Eleccións Xerais, pola existencia dun votante en cadeiras de rodas, evitando así que o presidente da mesa electoral teña que sacar fóra do recinto a urna co fin de que esta persoa exerza o seu dereito ao voto.
- Prega que sexa arranxada unha pista na parroquia de Guimarei, que baixa pola Torre e fronte á fonte, dando acceso a unha vivenda.
- Traslada o mal estado no que se atopa o parque canino o cal carece de mantemento desde que se fixo, ademais de carecer de alumado, da perda da billa da auga, o contedor de lixo está tirado, existen ramas rotas das árbores, etc. Polo anterior prega que se proceda á súa limpeza e mantemento.
- Pregunta sobre a pista de atletismo que ía no programa electoral do PP e que considera necesaria para os deportistas que fan deporte polas rúas da zona Deportivo-Cultural na que as súas beirarrúas están en mal estado e con pouco alumado.

Resposta o **Sr. Alcalde**, no relativo á iluminación da zona Deportiva-Cultural, que actualmente está en tramitación o proxecto de Alumado Público, co cal o problema existente neste zona quedará solucionado.

En relación á pista de atletismo, di que é unha promesa que se vai a cumprir, de feito fai pouco tivo unha reunión co vicepresidente da Xunta de Galicia en relación a este



tema, xa que para esta infraestrutura precísase un terreo de dúas hectáreas, cunhas condicións de ter como mínimo 200 metros de largo e 100 metros de ancho para ser unha pista homologada. Di que o terreo que se ten previsto para esta actuación está nas inmediacións da Academia Galega de Seguridade, o que suporía que a pista de atletismo puidera ser utilizada polos seus alumnos e co beneficio da que a Xunta colaborase economicamente na súa construción; actualmente se está a tramitar a desafectación dese espazo e o seu acondicionamento, esperando que para finais deste ano e comezos do que ven se poida ter xa redactado o proxecto da obra e asinar o Convenio coa Xunta de Galicia, prevéndose o investimento dun millón oitocentos mil euros, aproximadamente.

No relativo ao parque canino, é sabedor de diversas queixas dos seus usuarios, e nos vindeiros días procedérase a arranxar os problemas de limpeza e acondicionamento do mesmo, aínda que quere pedir aos que utilizan esta instalación que o fagan con responsabilidade cívica e respectando as normas de uso e hixiene.

En canto á accesibilidade aos colexios electorais, di que é consciente de que moitos deles non cumpren coas medidas necesarias, pero nalgún deles é case imposible de que se cumbran, tal é o caso da Escola de Montillón; pero no caso de Riveira buscouse unha solución colocando unha rampla de acceso para cadeiras de rodas a través dunha porta secundaria pola imposibilidade de situala na principal, sen embargo buscarase unha alternativa para elo. Finalmente recoñece que hai moito que facer para adaptar as infraestruturas municipais ao plan de mobilidade.

Intervén a voceira do Grupo Mixto (BNG), **Dña. Susana Camba**, para trasladar a preocupación e petición dos traballadores da Academia Galega de Seguridade e 112 para que se anhee a pista de acceso a estas instalacións, xa que na actualidade, ao ser de dobre circulación, causa problemas para que dous vehículos circulen pola mesma.

O **Sr. Alcalde** lle responde que é unha actuación que se pode contemplar cando se fagan as obras das pistas de atletismo.

Continúa a **Sra. Camba Castro** preguntando canto se podería tardar en dotar de fibra óptica a todo o noso rural e tamén cales son os criterios que se están a seguir á hora da súa colocación, lembrando que Internet non só é necesario para o seu uso lúdico senón tamén laboral, ademais de que a maioría das xestións administrativas fanse a través de medios electrónicos, polo que é entendible a preocupación dos/das veciños/as.

Pregunta polo acontecido días pasados na Avda. Fernando Conde, xa que os/as veciños/as viron un camión municipal na zona, entón quere saber cal foi a avaría ocorrida, xa que estamos a falar dunha rúa de obra recente.

A esta última pregunta o **Sr. Alcalde** responde que non lle consta ningunha avaría nesa Avenida, pensa que podería ser o camión de recollida de voluminosos que estaría recollendo este tipo de material nalgún domicilio.

A **Sra. Camba** reitera a pregunta sobre o estado e a ubicación do cruceiro de Orzamerxe porque aínda estamos no mesmo punto, polo que considera necesario preguntar a Patrimonio por este tema, ademais propón que mentres sexa trasladado ao museo, xa que un elemento patrimonial non debería estar na casa dun particular, sobre todo tendo en conta de que é necesaria unha serie de condicións para a súa adecuada conservación, sen esquecer que tamén é un activo económico deste Concello.

O **Sr. Alcalde** di que non lle pode contestar a este última pregunta, pero pediralle ao Concelleiro correspondente para que se poña en contacto co Alcalde de Barrio para





recabar información ao respecto.

Reitera a **Sra. Camba Castro** que dito cruceiro debe de estar no museo ou na Casa do Concello e nunhas condicións de conservación axeitadas.

Pregunta o que pasa coa Rúa do Muíño para non proceder ao seu arranxo, xa que se atopa na actualidade nun estado lamentable (calzada se pintar, beirarrúas intransitables, etc.), non entendendo como non se fixeron obras alí con motivo da EDUSI, así mesmo insta a que se mellore esta rúa.

Contesta o **Sr. Alcalde**, entre outros, que a Rúa do Muíño foi beneficiaria dun investimento importante (ao redor de oitenta mil euros) para a súa pavimentación e ampliación do seu ancho no tramo final; en canto á realización de máis actuacións na mesma é difícil por ser de dobre sentido nalgúns dos seus tramos e noutros de difícil ancheamento, ademais de que as beirarrúas son estreitas ante a a situación das edificacións nesa zona. Pero, di, que, aínda que agora é prioritario acondicionar a Rúa Irida e Avda de Santiago, tamén se estudará posibles melloras na do Muíño.

Continúa coa súa intervención a **Sra. Camba** para trasladar á petición dos veciños e veciñas de Riveira para que se poña en valor unha fonte de auga existente nesa parroquia, lugar de Vilar.

Tamén solicita que se arraxe un bache existente no vial que vai do lugar de Vilar - Ribeira á estrada que une Paradela coas Covas.

Informa que no lugar de Os Cebados da parroquia de Barbude, chegando ás primeiras casa dese núcleo (subida á Igrexa), hai un sumidoiro que, co asfaltado do camiño, quedou baixo formando un bache profundo, poñéndolle un cono de obra para evitar accidentes, polo dito pregunta se se ten previsto algunha actuación para resolver este problema.

O **Sr. Alcalde** lle responde que cando se asfaltan viais onde hai rede de sumidoiros déixanse identificados os rexistros á espera de levantar as súas tapas, para o que é necesario un equipo de albaneis para facer unha estrutura en formigón e volver a colocar a tapa do rexistro, informando que estas actuacións están previstas en todos aqueles puntos en que fan falta, incluíndo este camiño, prevendo que durante a semana que ven se empecen a facer estes traballos.

Tamén responde con respecto á fibra óptica no rural, que se trata dunha gran infraestruturas, de feito o seu grupo de goberno fixo xestións con Telefónica para traer a fibra óptica ao casco urbano cunha gran inversión para facer a ramificación da rede troncal desta e, como consecuencia chegou a moitos puntos do rural (Oca, Berres, etc.) e, a partir de aí, poderase ramificar ese rede central e así ir abarcando máis zonas rurais; di que na actualidade a localización dos rexistros non o sabe con seguridade, pero si é coñecedor que teñen 300 metros de efectividade, por iso hai domicilios aos que a fibra óptica chega con máis forza e outros aos que non, sendo unha solución a estes problemas o intentar entrar no Plan de Banda Ancha de Galicia, a través do que se pretende facer chegar esa fibra óptica a todos os puntos do rural, contando este concello co punto de ter feita esa espiña dorsal, que é a rede troncal, e, a partires de aí, podemos empezar coas distintas ramificacións, estando convencido de que A Estrada vai a ser un dos concellos pioneiros en levar a fibra óptica a todo o seu territorio a partires do ano 2020, pero hai que ter en conta que é unha obra de moito custe, sendo necesaria a colaboración das empresas teleoperadoras.

Non habendo máis intervencións polos concelleiros presentes nesta sesión o **Sr. Alcalde**, en cumprimento do establecido no Regulamento de Participación Cidadán, pregunta se algunha das persoas do público quere formular algún rogo ou pregunta, e non habendo procede a levantar a sesión sendo as vinte e dúas horas cinco





minutos do día do seu comezo.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 34L53E7AL92E5YATLRDAFQ57X | Corrección: <http://aeestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 22

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233